



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2023/9
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, XOVES 20 DE XULLO DE 2023 -

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

ASISTEN:

PSOE

OLALLA BENLLOCH LEMA

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

PATRICIA DOMINGUEZ MARINO

FELIPE VILELA VILELA

BNG

MARIA MERCE BARRIENTOS VARELA

PP

SOFIA LOPEZ SIMON

SANDRA VILELA RIVEIRO

ROSARIO GONZALEZ LEMA

IxMuxía

FRANCISCO JAVIER SAR ROMERO

AURELIA MARIA PICALLO MERLAN

SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

INTERVENTORA EN ACUM: ROSA M^a FERNANDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**

A) Parte resolutiva

1.- Aprobación acta sesión anterior celebrada o 30 de xuño de 2023.

Dña Mercé Barrientos manifesta que no punto relativo á representación en órganos colexiados votou en contra e non se abstuvo como consta na acta. A secretaria contesta que o comprobará en se fose así corríxirse a acta.

Apróbase a acta por unanimidade con esta apreciación.

2.-Acordo que proceda sobre proposta dedicación exclusiva de Alcaldía

A secretaria manifesta que a proposta foi favorablemente dictaminada pola Comisión informativa e que todos os grupos teñen copia dela.



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

A alcaldía expón: “ Este punto quedou enriba da mesa en busca de diálogo e propostas. Asi o fixen. Volvo a traer o mesmo e a ver que se decide.”

A continuación intervén o voceiro de IxM, D Javier Sar: “ Queremos proponer de novor a deixalo sobre a mesa, e elo porque pedinlle que tivese un consenso coa oposición e aceptouno, pero só falou co PP e con nós pero non co BNG. Na reunión que tivemos díxenlle que tiña unha proposta e dinlle o mesmo argumento: vostede non ten maioría absoluta e non estamos de acordo coas cantidades . Teño aquí a proposta, chegáramos a un acordo coa oposición pero recibín unha chamada dun grupo da oposición dicíndome que se volvía atrás no acordo que tínhamos. Intentei falar con vostede e non foi posible. Teño aquí a proposta e creo que é razoable e se quere pode lela.”

Responde o Sr Alcalde: “ Tiven unha reunión con vostedes e non houbo preguntas. Tiven unha reunión co PP. Todo elo antes da Comisión de Contas, que é onde se debe falar, dialogar e sacar propostas, e nela non dixeron nada e me manda whatsapp duas horas antes do Pleno para dar-me unha proposta. Tomaduras de pelo a min non. Non se ampare detrás de que non chamei a un grupo que xa se defenderá , se o considera oportuno.”

Intervén seguidamente, Dna Mercé Barrientos, : “ Non fomos convocados, non se negociou co BNG e estamos a ser convocados , a propoñer, pero non a non ser interlocutores e despois que se queira contar cos nosos votos. Se collemos os índices do número de habitantes e orzamento, estamos dispostos a negociar con vostede os eu salario, que sexa acorde co entorno e non temos inconveniente en solicitar que este asunto quede sobre a mesa e falar en terminos razoables. Vostede non ten unha dedicación os 365 días do ano ao Concello e hai queixas da súa atención aos vecinos. Unha veciña á que causaron danos nas baixantes da súa casa nas tarefas de desbroce ven ata aquí a falar con vostede e contestoulle que chamara outra vez á TVG. Creo que como Alcalde, debe de deixar de estar á defensiva e ser responsable das súas actuacións.”

O Sr Alcalde volve a intervenir: “A valoración que fai de min como Alcalde é respectable pero vostede ten un concelleiro e nós 5 e casi o 6. A xente xa falou. Aquí veñen a ver como humillar a un goberno en minoría e non vai ser asi, o que quede aquí aprobado estará aprobado para ben o mal e non estou en Marruecos para regatear, nin esto é unha feira. Esto é un pleno municipal e se teño que traballar gratis fareino pero non me presto a ningunha humillación. Estas retribucións están de acordo coa situación actual na costa da Morte e máis alá”.

Volve a intervenir D. Javier Sar: “ Non veño aquí a tomarle o pelo a ninguén, díxenlle que estaba elaborando unha proposta e era en base a orzamentos de concellos e asumo que tiven un erro ao non traela a Comisión”.

O Alcalde responde: “Vostede falou de porcentaxes e eu non estaba de acordo con iso. Houbo diálogo previo pero despois na Comisión non falou nada. Falarei con quen considere que pode falar e se teño que facer comisións fareinas pero sempre con acta.”

Sometido o asunto a votación, por 5 votos a favor do Grupo Municipal do PSOE, 3 en contra do Grupo Municipal de Independentes por Muxía (2) e Mixto-BNG (1), e a abstención do grupo



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

municipal do PP (3), o pleno acorda aprobar a proposta de Alcaldía neste punto recollida a continuación:

-Recoñecer a dedicación exclusiva a D.Santiago M. Toba Campaña, para o desenvolvemento das funcións do cargo de Alcalde deste Concello, con dereito a unha retribución bruta anual, pagadeira en 14 mensuralidade por importe de 42.420€, con efectos económicos desde o día 21 de xullo de 2023.

-Dar de alta con efectos de 21 de xullo de 2023 no Réxime Xeral da S. Social a D. Santiago M. Toba Campaña, asumindo o Concello o pagamento das cotas empresariais que correspondan.

3.-Acordo que proceda sobre proposta dedicación exclusiva da concellería de Cultura, Educación e Igualdade

A secretaria manifesta que a proposta foi favorablemente dictaminada pola Comisión informativa e que todos os grupos teñen copia dela.

Intervén a Alcaldía: “ Olalla ven desenvolvendo un papel durante estes catro anos moi importante con actividades continuas neste Concello e dedicando o 100% do seu tempo a elo, e propónse a súa dedicación, que é a metade do que cobra o concelleiro de cultura en Zas, por exemplo, pero conformámonos”.

Intervén seguidamente a voceira do grupo municipal do PP, Dna Sandra Vilela: “ Consideramos que a dedicación exclusiva do Alcalde aquí é suficiente e que as persoas que se presentan ás eleccións é por compromiso co noso pobo. Votaremos en contra, e o dito serve tamén para o seguinte punto.”

Contesta o Sr Alcalde: “Discrepo do que di e elo porque efectivamente o Alcalde ten que cobrar se adica o 100% a elo, pero tamén deberían facelo os demais que están tamén adicados a ese traballo. Mostran o seu compromiso e parece digno que teñan unha compensación.”

O voceiro de IxM manifesta: “Non vou reiterar máis. Na proposta propoñía unha dedicación exclusiva para un concelleiro ou dous concelleiros parciais.”

Seguidamente intervén Dna Mercé Barrientos: “ As negociacións políticas non son regateos e con nós non negociou, e creo que o fixo porque tiña asegurado o seu salario e o resto non lle importaba. Se vostede quere que o BNG sexa un intelocutor, será benvido.”

Dna Sandra Vilela, voceira do grupo municipal PP, manifesta : “ Volvo a ofrecer participación e axuda para organizar calquer evento ou cuestión.”

Sometido o asunto a votación, a proposta de Alcaldía neste punto queda rexeitada cos votos a favor do GM PSOE (5) e os votos en contra do resto dos/as integrantes do Pleno (6).



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

4.-Acordo que proceda sobre proposta de dedicación exclusiva da concellería de Obras, Medio Rural e Parroquias.

Sr. Alcalde manifesta que volve ser o mesmo argumento que no punto anterior.

Sen xerarse debate sométese o asunto a votación e a proposta de Alcaldía neste punto queda rexeitada cos votos a favor do GM PSOE (5) e os votos en contra do resto dos/as integrantes do Pleno (6).

5.-Expediente de modificación de crédito por suplemento de crédito (expte 2023/T002/000003)

A secretaria manifesta que a proposta foi favorablemente dictaminada pola Comisión Informativa e que todos os grupos teñen copia dela.

O Sr Alcalde explica brevemente o contido da proposta.

A continuación comenza o debate coa intervención de Dna Sandra Vilela, voceira do grupo municipal do PP: " Non é a mesma proposta que levou ao pleno que non se celebrou en maio, e elo porque falta a segunda fase da auga de Suxo, non sei se o resultado electoral ali tivo que ver. Voltamos á mesma forma de gobernar de antes e estamos aquí aprobando máis de 400.000€ con cargo a Remanente de Tesourería de asuntos que deberían de ir en orzamento. Fai a obra do patio da gardería porque sabe que sen iso non o vai autorizar a Xunta.

Esperemos que faga os orzamentos pronto, que os negocie e que neles se teña en conta os mantementos no concello para que non teñamos que gastar medio millón de euros de aforro neles."

Contesta o Sr Alcalde: " A normativa di que esa gardería non ten porque ter patio como tamén di que non é asunto do Concello facer esa obra, pero fíxeno porque creo que é digno ter unha gardería acorde coa demanda. O Consorcio, despois de ter feita a obra que estaba aprobada no todo o seu contido. Outra cousa é que ao parecer a inspección non lle pase ao Consorcio a obra sen elo. É problema da Xunta se non se entenden, eu fixen a obra como me dixo o Consorcio e faremos o patio para que poda abrirse a Gardería. Ademais estamos esperando polos mobles que licitou a Xunta e van moi xustos de tempo segundo me dixo a subdirectora do Consorcio.

Respecto á Auga de Suxo, seguimos a traballar nela e teño unha reunión pendente con Dna Ethel Vazquez para tratar con ela este asunto da auga de Suxo. Antes de traer o asunto de novo a pleno falarei con ela para ver se dispón xa de diñeiro para axudarnos, tal e como me dixera."

A continuación toma a palabra D. Javier Sar, voceiro de IxM: "Absterémonos porque non participamos no goberno anterior. Vexo cousas ben pero tirar do remanente para outras como as rexillas, sabendo que algunhas están en bo estado non o considero axeitado . En canto ao REC podería sacarse do modificado?. Respecto a auga de Morpeguite entendo que foi un erro deixar fóra esa zona, non?"



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

O Alcalde responde: "Xa lle dixen que poderían facerse enmendas. Respecto ás rexillas, fun a velas co técnico redactor e revisounas todas e as que parecen que están ben non o están porque teñen problemas na parte inferior que non se ve dende fora.

Non foi intención deixar esa parte de Morpeguite fóra do proxecto e todas as persoas votamos a favor do proxecto no pleno sen ver o erro."

Intervén seguidamente Dna. Merce Barrientos: " A que arranxos de depuradoras se refire a modificación? Fíxose unha auditoria sobre o funcionamento das depuradoras do Concello pero non sabemos cales están mal. Por que se poñe só iso?"

O Sr Alcalde responde: " Refírese a modificación das depuradoras de Muxía e ETAP. Nas comisións informativas pode preguntar o que queira. As cuestións técnicas non as sei pero pode visitar as depuradoras se non confía na proposta."

Continúa Dna Merce Barrientos: " Por que se fai un cambio de todas as rexillas se non é preciso? Hai necesidades fóra do pobo urxentes como reabrir a estrada de Vilachán a Guisamonde, a vía de Agranzón a A Grixá, etc. Se hai cousas urxentes deberían arranxalas antes ."

O Sr Alcalde responde: "Necesidades hai moitas e tamen se deben de falar nas informativas e vostede non dixo nada. Traia propostas ás comisións e falámolas."

Sometido o asunto a votación, por 5 votos a favor do Grupo Municipal do PSOE, e a abstención do resto dos integrantes, o Pleno acorda:

1- Aprobar expediente de concesión de suplemento de crédito conforme ó previsto no artigo 177 do RDL2/2004 e artigo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril. Este tipo de modificación é o que, en principio e a salvo do informe de Intervención ó respecto, se considera máis adecuado.

As aplicacións orzamentarias afectadas polo expediente, son as seguintes:

Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe
Redacción Proxectos	151/227.06	50.000€
Adquisición de bomba de ETAP Os Muíños	161/619.00	20.187,64€
Pintado horizontal de	151/210.00	26.912,15€



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

<i>Muxía</i>		
<i>Mellora de accesibilidade beirarrúas</i>	<i>453/619.00</i>	<i>35.503,20€</i>
<i>Rejillas do núcleo de Muxía</i>	<i>160/633.00</i>	<i>204.497,47€</i>
<i>REC FACTURAS</i>		<i>71.527,05€</i>
<i>Arranxo depuradoras</i>	<i>161/619.00</i>	<i>10.313,64€</i>
<i>Perforación cruce tuberías</i>	<i>161/619.00</i>	<i>13.300,26€</i>
<i>Escola Infantil (Patio)</i>	<i>323/622.00</i>	<i>12.979,20 €</i>
<i>TOTAL</i>		<i>445.220,61 €</i>

A financiación realizarase con cargo o remanente de tesourería para gastos xerais por un importe de 445.220,61€

O importe total da modificación proposta ascende a 445.220,61€

2-Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor unha vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais

6.-Expediente de Recoñecemento extraxudicial de crédito (expte 2023/T003/000003)

O Sr Alcalde manifesta: "Hai unha serie de facturas pendentes que hai que pagar aínda que o procedemento non foi o axeitado son facturas reais."



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Inicia o debate a voceira do grupo municipal PP: " Vexo que hai reparos de intervención non expediente. Existen facturas da empresa Ártabra, sen contrato, non se sabe o que fai.

Trae facturas con reparos suspensivos da intervención durante 4 anos e podo entender que unha factura entre tarde pero non é normal que se encarguen traballos a provedores sen seguir o procedemento legal e son moitos os supostos. Non minimize o que isto implica. Absterémonos pois existe reparo de Intervención."

Seguidamente intervén Dna. Merce Barrientos: " Non atopo unha explicación coherente de por que non se seguiu a legalidade na tramitación destas facturas e dos servizos. Con Ártabra non hai contrato, non se licitou e hai reparos da intervención, hai facturas de máis de 16.000 euros de orquestas para Muxía, para o resto das parroquias 3000€, traballos de impresión de negocios de Santiago cando aquí hai negocios similares, facturas de elaboración de carteis que ao parecer despois foron vendidos por unha asociación....

Hai facturas con máis dun ano sen pagar. O BNG non vai aprobar o pago de facturas cun reparo por ilegalidade pero como consideramos que os provedores deben cobrar, non votaremos en contra."

O Sr. Alcalde contesta: " Vostede está separando constantemente a aldea de Muxía e para min Muxía é todo o concello."

Sometido o asunto a votación, por 5 votos a favor do grupo municipal do PSOE, e a abstención do resto dos integrantes, o Pleno acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito nº 1/2023 dentro do Orzamento prorrogado da Corporación para o ano 2023 por importe de 71.527,05€ e recoñecer as obrigas que se deriven del, detalle que se anexa.

SEGUNDO.- Resolver as discrepancias prantexadas, deixando sen efecto a suspensión na tramitación do expediente, procedendo a levantar o reparo interposto pola intervención municipal, aos efectos procedimentais de continuación coa tramitación do expediente aprobatorio das facturas da relación indicada

7.-Expediente de Modificación de crédito por suplemento de crédito (Festas da Barca), expte 2023/T002/000010.

O Sr Alcalde explica brevemente o contido da proposta de Alcaldía, da que teñen copia os grupos municipais.

Inicia o debate Dna Sandra Vilela: " Está moi ben que apoiemos economicamente a Festa da Barca pero o apoio non ten que ser só económico. Chegounos rumores de que hai tensións entre o Concello e a Comisión e Festas e cremos que debe de dárselle a esta todo o apoio e facilidades do día a día para que a festa teña a calidade que esperamos."

O Alcalde contesta: " Cando a Comisión me traslade que hai problemas tratarémolos. Temos que plantexarnos que pasa coa Romaría da Barca e vostede xa dixo que tiña que ser organizada polo Concello e ímos estudar esta posibilidade."



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

O voceiro de IxM pregunta: "¿ Ten unha memoria onde se xustificuen os gastos totais da Barca?"

A Interventora municipal , a petición da alcaldía intervén para dicir que a Asociación organizadora presentou Memoria con gastos totais."

Seguidamente intervén Dna Merce Barrientos: " Resúltame chamativo que se diga na proposta "non estando previstos",¿ cómo é posible?. É unha falta de dilixencia, deberían de estar orzamentados esos gastos e non debería ser o RT o único axente financiador. Concordo co PP en que as festas dunha entidade como estas deberían ser organizadas e tramitadas polo concello, e debería revisarse o modelo da Festa da Barca atendendo demandas de colectivos que buscan unha romaría máis tradicional."

Intervén o Sr Alcalde: " Podemos sentarnos nunha Comisión para expoñer todo isto."

Sometido o asunto a votación por 9 votos a favor do grupo municipal doPSOE (5), PP (3) e Mixto-BNG (1), e 2 abstencións do grupo Municipal IxMuxía, o Pleno acorda:

1.-Aprobar expediente de concesión de suplemento de crédito conforme ó previsto no artigo 177 do RDL2/2004 e artigo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

As aplicacións orzamentarias afectadas polo expediente, son as seguintes:

Aplicación orzamentaria	Concepto	Importe
338/489.03	Subvención festas da Barca 2023	80.000€
	TOTAL	80.000€

Medios de financiación do gasto.-

-Proponse que a financiación se realice con cargo o remanente de tesourería para gastos xerais por un importe de 80.000€

O importe total da modificación proposta ascende a 80.000€

*2-Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando **en** vigor una vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais*

8-Expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito (liquidación ocupación Portos) expte 2023/X998/000077.

A secretaria manifesta que todos os grupos teñen copia da proposta, dictaminada favorablemente pola Comisión informativa de Contas.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

O Sr Alcalde explica: " Podemos estar de acordo con que o terreo é de Portos pero a moralidade é outra cousa. Efectivamente (a preguntas de IxM) non había expediente e o concello pide permiso como garantía de cumprimento aínda que non organice a actividade. As veces se piden uns metros e despois se ocupan algún máis."

Sometido o asunto a votación por unanimidade dos grupos integrantes, o pleno acorda aprobar a proposta de Alcaldía neste punto recollida a continuación:

-O levantamento do reparo da Intervención municipal.

- Aprobar o expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito preciso, dentro do Orzamento prorrogado da Corporación para o ano 2023 por importe de 4628€ e recoñecer as obrigas que se deriven del:

Terceiro : Xunta de Galicia- Portos de Galicia

Importe: 4.628€

Aplicación orzamentaria: V920/225.00

B)Parte non resolutiva de control e seguimento da xestión dos órganos de goberno.

9.-Moción Grupo Municipal PP sobre D. Gonzalo López Abente

Dna Sandra Vilelea procede á lectura da moción.

A secretaria advirte que segundo o Decreto 374/96, en vigor, a proposta do nome dos CEIP é competencia dos Consellos Escolares.

Continúa Dna Sandra Vilela: " O Concello non fixo nada no día das Letras Galegas, hai moito gasto en festas e debería de facerse actividades nas letras galegas. Vostede saliu en prensa o ano pasado dicindo que intentaría solucionar o problema que había coa Fundación López Abente e non foi así, e os integrantes dela levan meses esperando que vostede os chame para disolvela."

Creo que dende as ANPAS debe fomentarse as iniciativas e é triste que os nenos de Muxía non saiban quen foi Gonzalo López Abente".

Intervén o Sr Alcalde: "Paréceme grave o que di sobre os nenos e o seu descoñecemento da figura de López Abente. Cando collín a Fundación estaba en cachos e cando fagamos ofrendas florais espero que non só estemos a concelleira e eu. "

Seguidamente é o turno de IxM, manifestando o seu voceiro: " A proposta de cambio de nome ten que ser do Consello Escolar, e entendemos que o colexio ten que seguir chamandose Os Muíños aínda que se lle engada Gonzalo López Abente. Vemos ben o da Asociación pero antes debería disolverse a Fundación e solventar o dos gastos pendentes. Retome o asunto onde o deixara. Sorpréndeme o feeling que hai entre vostedes"

Volve a intervir Dna Sandra Vilela: "O de incluír Gonzalo López Abente ao nome do colexio xa llo expuxen á Alcaldía e non lle vexo problema. Sobre o feeling... Levo todo o pleno sendo



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

crítica co goberno e se vostede non se entera é o seu problema. Temos formas distintas ás súas con xente que se dedica a insultar aos meus concelleiros nos bares. Se ese señor está ahí é pola liña roxa do BNG e a súa falta de ser capaz de entender que sacou dous concelleiros e non 4. Fixen diálogo co Alcalde e outros grupos e despois o PP decidiu votar o que quixo porque llo debemos aos nosos votantes.”

D. Javier Sar responde: “Igual o problema é seu ao non entender que empezando sacamos dous concelleiros e quedamos só a 50 votos do PP.”

A continuación é o turno do grupo mixto-BNG manifestando a súa voceira Merce Barrientos: “ Respecto á Fundación non sei cales son as trabas burocráticas para a súa disolución pero lembre que o Patrón da Fundación é o Alcalde. As Letras Galegas é o 17 de maio e é previsible. O problema de que non se faga nada é do Concello. En canto ao cambio do nome do colexio ten que ser a proposta do Consello Escolar.”

A voceira do PP, Dna. Sandra Vilela manifesta que retira da moción o punto 1.

Sometida a moción (sen ese punto) a votación é aprobada por unanimidade dos 11 concelleiros/as do Pleno.

Recóllese a moción aprobada a continuación:

1.-Que con motivo do 60 aniversario do pasamento do escritor muxián se elabore por parte do departamento de cultura unha programación específica de aquí a final de ano en torno a súa figura.

2.- Que dende o concello se impulse, colabore e participe activamente na creación dunha asociación cultural que leve a cabo os obxectivos cos que se creou a Fundación López Abente e se conte coas persoas que formaban parte da mesma de cara á creación e dinamización da mesma.

10.-Dar conta resolucions de Alcaldía (do 13/03/2023 ao 14/07/2023)

O Pleno queda enterado das resolucions de alcaldía comprendidos entre o periodo do 13 de marzo ao 14 de xullo de 2023.

11.-Asuntos de urxencia (ROF artigo 91-4)

Non se presentan asuntos por urxencia.

12.-Rogos e preguntas.

A continuación intervén Dna Sandra Vilela: “ Falouse aquí da estrada de Guisamonde e creo que debe de ser solucionado o problema xa.

Quero facer un rogo que é o tema dos audios no Pleno. Hai un problema de audio e creo que é necesario poñer micrófonos.”



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

O Sr Alcalde contesta que é razoable o da megafonía e tratará de solucionalo. En canto a Guisamonde, "dareille a prioridade posible".

IxMuxia, D Javier Sar: " Non actúe con esa arrogancia. Fai pouco dixo que tiña 3 millóns que podía gastar en 3 segundos pero é que vostede está en minoría e gastaríao se quere a oposición."

Dna Merce Barrientos, formula os seguintes rogos e preguntas (remitidas a esta secretaría para a súa constancia en acta):

ROGOS:

- a. Instalación dun sistema de megafonía axeitado para que as gravacións dos plenos melloren a súa calidade.
- b. Realizar as actuacións urxentes para abrir a estrada de Vilachán a Guisamonde.
- c. Que as ofertas públicas de emprego do Concello se publiciten tamén nas redes sociais do concello, cun enlace á web do mesmo.
- d. Que se fagan as xestións oportunas para arranxar o estado de suciedade, desbordamento de lixos e cheiros que hai polos contedores de lixo de todo o pobo. É un asunto de salubridade e urxencia, máis no tempo de verán.
- e. Que se acometa a reparación urxente das marquesiñas e paradas de bus, nomeadamente de Mintirás, Suxo, Sorna, etc. xa que no seu estado non serven para o seu cometido e o seguinte pleno ordinario está previsto para setembro, xa iniciado o curso escolar.

PREGUNTAS:

- a. Cando se van acometer as actuacións urxentes para abrir a estrada de Vilachán a Guisamonde? Por qué non se inclúe esta actuación sobre unha estrada cortada hai dous meses, que obriga aos veciños a ter que ir a Frixe ou Morquintán para acceder ás fincas ou aos núcleos anexos e desorienta aos visitantes que veñen por ela.
- b. Que pasa coa estrada de Leis á Ponte do Porto? O anaco de Vimianzo leva máis de seis meses feito e a parte do concello de Muxía está pendente desde entón.
- c. Por que as estradas de Vilar a Añobres ou a de conexión de Agranzón con Agrodosío, entre outras, están nun estado de deterioro tan extremo que nalgúns tramos xa non queda nin un metro de asfalto sen que se acometen labores de mantemento?
- d. Que se arranxen á maior brevidade as marquesiñas de diversos lugares como Suxo, Sorna, Mintirás e outras. O curso escolar está a un mes e medio de comezar e os nenos levan máis dun ano mollándose. Se non se acometen esas reparacións, volverá suceder este curso escolar.
- e. Que se xestione coa empresa de buses unha correcta publicidade dos horarios de buses coas que informar aos viaxeiros. Está posto un código QR, pero non está operativa nesa web a información para móbiles e ademais hai usuarios maiores que non empregan tecnoloxías como móbiles intelixentes ou Apps de lectura de QRs.
- f. Acaba de saír hai uns días unha subvención do goberno central (Orde CUD/702/2023, de 26 de junio) para a mellora e optimización de instalacións deportivas. Tivo previsto facer os trámites para poder solicitar esta axuda e poder reparar o estado do



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

polideportivo? Tamén está a Orde do 21 de marzo de 2023 outra da Xunta de Galicia de carácter plurianual dirixida a concellos. Dado o estado do polideportivo municipal e doutras instalacións deportivas do concello, sería importante recabar fondos para o mantemento e mellora destas instalacións e servizos.

g. Que pasa co servizo de socorristas? Cantos hai para as praias do concello? Como se pode incorporar un socorrista o día 13 de xullo con medio verán pasado? De que medios se lles dota para facer o seu traballo? Se so hai un, que días queda o servizo sen atender? Por que a praia mais concorrida do concello non dispón deste servizo nin dun DESA, nin dun posto elevado de observación e identificación?

h. O mesmo sucede co servizo de limpeza de praias, que se inicia a licitación o 7 ou 10 de xullo... non se pode actuar con máis previsión?

i. Van colocar por fin as letras "Gervasio Sar" na sala da Camposa como prometeu hai xa dous anos? Daquela dixo que se faría na semana seguinte.

j. Que se xestionen os ficheiros de datos municipais conforme á legalidade e se evite a exposición excesiva de datos, especialmente os asociados a menores, identificados cos dous apelidos e as súas situacións sociofamiliares.

k. Que se aporte a información de subvencións no portal de transparencia do concello.

l. Que se evite repetir o espectáculo lamentable de ser o concello que non celebra o Día das Letras e se poña en valor unha programación na que se promocióne a relación con Rosalía de Castro, Gonzalo López Abente, Ramón Caamaño, o patrimonio industrial do mar como os secadoiros, etc. Teríamos moito que ofrecer pero está todo abandonado, sen ningunha programación que mereza tal nome.

Ás 24:00 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Concello de Muxía, a data da sinatura electrónica

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña